XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

APEE
Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos

XACOBEO 2010
Galicia

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE ADULTOS Curso 2009/2010 BEGOÑA SUÁREZ MORENO	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	**CHE PENSI DELL' ITALIA? I LUOGHI COMUNI ATTRAVERSO UNA CANZONE** (Ti qué pensas de Italia? Os lugares comúns italianos a través dunha canción) **Introducción** Reflexión, aprendizaxe consciente, responsabilidade, autonomía, aprender a aprender, son conceptos directamente relacionados co uso do PEL e constitúe un recurso que nos axuda a centrar o ensino e aprendizaxe de linguas no seu uso en contextos relevantes para o aprendiz e na súa función esencial como vehículo de comunicación. O PEL posúe ademais dunha dimensión informativa un valor pedagóxico cuxo potencial debemos saber apreciar cada vez máis.
IDIOMAS	□ GALEGO □ FRANCÉS □ OUTRAS LINGUAS: □ CASTELÁN □ ALEMÁN □ INGLÉS □ **ITALIANO**
DESCRITORES A TRABALLAR	**INTERACCIÓN ORAL XERAL** 'E capaz de elaborar e contestar preguntas sinxelas, realizar afirmacións sinxelas e responder ás afirmacións que se lle fan. È capaz de participar en conversas de forma sinxela **CONVERSA** È capaz de expresar o que lle gusta e o que non lle gusta È capaz de pedirlle a alguén algunha cousa e viceversa **COMPRENSIÖN AUDITIVA EN XERAL** 'E capaz de comprender o suficiente como para poder enfrontarse a necesidades concretas sempre que o discurso estea articulado con claridade e con lentitude.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	COMPRENSIÓN LECTORA EN XERAL È capaz de ler textos sinxelos sobre feitos concretos que tratan sobre temas relacionados coa súa especialidade cun nivel de comprensión satisfactorio.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	□ COMPRENDER: □ comprensión auditiva / □ comprensión lectora □ FALAR: □ expresión oral / □ interacción oral (conversar) □ ESCRIBIR: □ expresión escrita
OBXECTIVOS	**Obxectivo/s**: - Reflexionar sobre as ideas preconcibidas que nos facemos dun pais e dunha lingua - Reflexionar acerca dos tópicos culturais dun pais. - Reflexionar acerca dos diferentes modos que poden existir para afrontar o estudo dunha lingua estranxeira intentando que este proceso sexa tamén agradable, gratificante e cultural. - Expresar opinións persoais
NIVEL	**Nivel: Básico – Intermedio – Avanzado**: Todos os niveis - En realidade esta actividade pódese expor en calquera momento da aprendizaxe do discente posto que se trata dunha reflexión acerca das ideas que temos sobre o pais e la lengua obxecto de estudo. -Tamén se pode presentar xunto con outra actividade, que constituirá o traballo da terceira actividade, para poder establecer contrastes, diferenzas e similitudes na cultura italiana desde unha óptica hispana.
SECCIÓN DO PEL	□ BIOGRAFÍA □ PASAPORTE DE LINGUAS □ DOSSIER – Esta actividade é aplicable ao pasaporte de linguas e á biografía lingüística posto que por unha banda recolle impresións precedentes coa lingua obxecto de estudo**,** é dicir que idea previa ten o alumno sobre os italianos e a súa cultura, pero ao mesmo tempo

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	permite ao alumno reflexionar e verificar eses lugares comúns da cultura italiana que se perciben xeralmente; as cancións permítenlles acceder con maior facilidade ao estudo do italiano e a súa cultura. - Por outra banda pode asímismo formar parte do dossier se nunha fase final da actividade o alumno/a crea unha ficha persoal na que recolle os tópicos/lugares comúns da cultura italiana verificando ou non a súa realidade.
PROCEDEMENTO	**Materiais:** - fotocopias con la letra da canción e con imaxes - ordenador para buscar - páxinas de internet - ficha para traballar **Procedemento:** ➔ Pídeselle ao alumnado que anote individualmente nunha ficha cales consideran que son as cousas máis significativas que identifican e caracterizan aos italianos e á súa cultura. (ficha 1) **LE COSE CHE CARATTERIZZANO GLI ITALIANI E LA LORO CULTURA (COUSAS QUE CARACTERIZAN E REPRESENTAN AOS ITALIANOS E Á SÚA CULTURA)** (mio) La pasta, i gesti, una macchina.. (a pasta, os xestos, algún coche…) (dos outros/as compañeiros/as) ➔ Nun segundo momento pídenselles que confronten cos seus compañeiros, en pequenos grupos as súas opinións. Se están de acordo con ideas doutros compañeiros que as integren na lista propia. ➔ Audición da canción *L'italiano vero* de Toto Cotugno: O número de veces que se escoitará a canción dependerá do nivel do grupo, a maior nivel, menor número de veces. A primeira vez faise unha audición integral sen pedir ningún traballo en concreto, só escoitar e tratar de comprender o sentido xeral da canción. ➔ Agora, pídeselle ao alumnado que faga unha ou máis audicións cun

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

obxectivo determinado: seleccionar da canción aquelas cousas que, segundo dí a canción, definen a italianidad do cantante e completar o cadro presentado.

(ficha 2)

Cose che definiscono l'italiano vero	**Perché?**
1. Chitarra	Gli italiani sempre cantano
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	

➔ Confrontar co compañeiro/a o seu cadro e debater o porqué da súa elección.

➔ Repartir unha fotocopia coa letra da canción e pídese que subliñen aquelas palabras ou frases que definan ao italiano medio.

L'italiano vero (Toto Cotugno)

Lasciatemi cantare
con la chitarra in mano
lasciatemi cantare
sono un italiano
Buongiorno Italia gli spaghetti al dente
e un partigiano come Presidente
con l'autoradio sempre nella mano destra
e un canarino sopra la finestra
Buongiorno Italia con i tuoi artisti
con troppa America sui manifesti
con le canzoni con amore
con il cuore
con piu' donne sempre
meno suore
Buongiorno Italia
buongiorno Maria
con gli occhi pieni
di malinconia
buongiorno Dio
lo sai che ci sono anch'io
Lasciatemi cantare
con la chitarra in mano
lasciatemi cantare

Buongiorno Italia che non si spaventa
e con la crema da barba alla menta
con un vestito gessato sul blu
e la moviola la domenica in TV
Buongiorno Italia col caffe' ristretto
le calze nuove nel primo cassetto
con la bandiera in tintoria
e una 600 giu' di carrozzeria
Buongiorno Italia
buongiorno Maria
con gli occhi pieni di malinconia
buongiorno Dio
lo sai che ci sono anch'io
Lasciatemi cantare
con la chitarra in mano
lasciatemi cantare
una canzone piano piano
Lasciatemi cantare
perche' ne sono fiero
sono un italiano
un italiano vero
La la la la la la la la...
Lasciatemi cantare
con la chitarra in mano
lasciatemi cantare
una canzone piano piano
Lasciatemi cantare
perche' ne sono fiero

	una canzone piano piano Lasciatemi cantare perche' ne sono fiero sono un italiano un italiano vero sono un italiano un italiano vero ➔ Despois entrégaselles unha ficha, como a anterior e complétana cos datos que se dan na letra da canción. (chitarra, spaghetti, partigiano, gli artisti, America, canzoni d'amore, cuore, donne, Dio, caffé ristretto..) ➔ Logo exporán oralmente as súas reflexións e comentarán as súas experiencias cos compañeiros/as, sobre todo facendo especial fincapé nos tópicos novos que descubriron, se consideran que son verdade ou non…
AVALIACIÓN: **Seguimento**	- Estes alumnos/as xa coñecen o documento do portfolio, esta situación facilita expor xa un tipo de actividade sobre "aprender a aprender". - Axuda a que os alumnos sexan conscientes dun proceso anterior e interiorizado da súa elección de aprendizaxe do idioma italiano. - Comparten impresións e reflexións sobre a cultura do novo idioma.
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	A activiade tivo unha boa resposta.
IMPACTO PREVISTO	- É mellor que o profesor confeccione tamén unha sinxela ficha para que ao final da actividade os alumnos teñan claros os lugares comúns dos italianos nos anos 60 e 70 e cáles son aqueles que perduran aínda hoxe. - Seguir animando ao alumnado a que realice de cando en vez momentos de reflexión sobre o tipo de aprendizaxe que están facendo.